

RIO DA FRAGA, CHAN DA ARQUIÑA, TORRE DE MEIRA

23 SETEMBRO 2023

Club de Montaña O Carroucho

www.carroucho.org



Bonita ruta circular con inicio e punto final no paseo marítimo de Domaio, e que na última parte nos leva a coñecer unha serie de muiños e fervezas no regato da Freixa. A ruta dos Muiños da Freixa percorre o tramo final do Regato da Cancela, na parroquia de San Xoán. Aquí existen 7 muiños que lle dan un sentido histórico e cultural ó lugar. O Regato da Cancela crea aquí unha pequena ferveza na desembocadura do río na área de A Seca. Os sete muiños están restaurados e teñen nome propio: de Abaixo, da Outra Banda, do Medio, de Arriba, da Bufa, da Gramalla y de Casanova. Na desembocadura do río, hai amplas zonas verdes e o Parque da Memoria, obra do Premio Nobel da Paz, Pérez Esquivel.


Continúa por sendas forestais que nos proporcionan momentos sobre a ría de Vigo na que se pode apreciar incluso a silueta das Illas Cíes. Paulatinamente vai subindo ata o Monte Faro e chega ata Chan de Arquíña.

O monte do Faro de Domaio en Moaña álzase a 627,8 metros sobre nivel do mar e é a segunda montaña máis alta da Península do Morrazo e de todo Monte Xaxán, xa que a supera o Coto do Home que sobrepasa os 628 m. O punto máis alto do Monte do Faro de Domaio ubícase no centro da península de O Morrazo e divide as parroquias de Domaio e Meira. A súa situación o converte nun dos puntos máis privilexiados para observar a Ría de Vigo en todo o seu esplendor, xa que divisarás dende o estreito de Rande ata a bocana da ría formada polos Cabos Home e Silleiro. Dende o Mirador de Monte do Faro poderemos ver a cidade de Vigo coas inconfundibles siluetas de [O Galiñeiro](#), [Monte Alba](#) y [O Galleiro](#). Tamén veremos a Ponte de Rande, os Montes de Penide e coma dixemos antes a bocana da Ría de Vigo, coas míticas [Illas Cíes](#) ao fondo. Ademais de Vigo tamén localizaremos [Monteferro](#) en Nigrán, Baiona cos seus [fortaleza de Monterreal](#) e [A Serra da Groba](#). Na orilla norte, veremos parte do concello de Moaña e de Cangas, todo un espectáculo. Por encima do mirador de Monte do Faro de Domaio veremos unha gran cantidade de antenas de comunicación.

Entre as cumes de Domaio e Xaxán, a unha altura de 548 m, encóntrase unha zona chaira que en Galicia denomínase coma «chan». É neste «chan» onde levántase un monumento funerario que se construiu fai máis de cinco milenios. E probable que o monumento haia sufrido alteracions ao longo da súa historia, sobre todo debido a expoliacións indebidas provocadas polos buscadores de tesouros. O **dolmen chamado de Chan de Arquíña** encóntrase semisoterrado, podendo observarse os restos circulares da mámoa que recubría antaño o monumento. Hai que recordar que os antepasados cubrían estes enterramentos pétreos con terra, dando lugar a forma característica de “mama” de onde provén o nome de «mamao». Consta dunha cámara poligonal composta de 11 pedras verticais e dun corredor, composto de outras 5 pedras verticais.

Durante a súa excavación, levada a cabo por Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza no 1953, encontráronse restos duns cuantos vasos de cerámica e outros materiais como hachas e coitelos.

O dolmen encóntrase situado no medio dunha gran área recreativa, formada por mesas, parrillas e fontes, todo elo ao abrigo dun fermoso «souto» (Bosque de castaños).



DATOS BÁSICOS

COMEZO: Domaio
REMATE: Domaio
DISTANCIA LINEAL: 19 km
DURACIÓN APROXIMADA: 6 horas
DIFICULTADE: Media
DESNIVEL POSITIVO: 881 m
DESNIVEL NEGATIVO: 615 m

PRÓXIMA RUTA:

FERVENZAS DO CASÓN E POZO DO INFERENO

28 OUTUBRO